

## **ANUNCIO DE EXPOSICIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS Á CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA PERSOAS RESIDENTES NO EXTERIOR PARA REALIZACIÓN DE ESTUDOS NO CENTRO SUPERIOR DE HOSTALERÍA DE GALICIA PARA O CURSO 2025/26.**

Con data 27 de febreiro de 2025 (DOG num 40) publicouse Resolución do 27 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de bolsas para persoas galegas residentes no exterior para a realización de estudos no Centro Superior de Hostalería de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o curso 2025/26 (código de procedemento TU200D).

De conformidade co previsto no artigo 16 da Resolución do 27 de decembro do 2024 e unha vez finalizado o prazo de recepción de solicitudes, expóñense as listaxes das solicitudes admitidas e excluídas nos taboleiros de anuncios do CSHG, con indicación das causas de exclusión e así mesmo, estas listaxes tamén poderán ser consultadas na páxina web do CSHG ([www.cshg.gal](http://www.cshg.gal)).

De conformidade co establecido nos artigos 68 e 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días hábiles desde o día seguinte ao da publicación das listaxes na páxina web do CSHG para emendar a solicitude e/ou documentación a que se refiren estas bases reguladoras. Transcorrido o prazo sen que así se fixese, considerarase que a persoa solicitante desiste da súa petición.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O xerente da Axencia Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

**Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)**  
**15897 Santiago de Compostela**  
**[turismo.gal](http://turismo.gal)**





## Bolsas para persoas galegas residentes no exterior TU200D:

### -1º curso de grao en Xestión de Empresas Hostaleiros

| NOME E APELIDOS                    | NIF       | ADMITIDO/EXCLUIDO         |
|------------------------------------|-----------|---------------------------|
| Allegra Carlotta Zas Friz          | XDE736399 | Matriculada -Admitida     |
| Sebastián Enrique García de Rubeis | XDF153459 | Non matriculado- Excluído |
| Keisin Santamaría Bacallao         | XDF072834 | Renuncia                  |
| Paulo Dante Cheuiche Rodríguez     | XDE721480 | Non matriculado- Excluído |
| Agustín Bendersky Vázquez          | XDE157929 | Renuncia                  |

